



Teaching Guide

Identifying Data							
2023/24							
Subject (*)	Teaching Fight Skills	Code	620G01020				
Study programme	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte						
Descriptors							
Cycle	Period	Year	Type	Credits			
Graduate	2nd four-month period	Second	Obligatory	6			
Language	SpanishGalician						
Teaching method	Face-to-face						
Prerequisites							
Department	Educación Física e Deportiva						
Coordinador	Dopico Calvo, Xurxo	E-mail	xurxo.dopico@udc.es				
Lecturers	Carballeira Fernández, Eduardo	E-mail	eduardo.carballeira@udc.es				
	Dopico Calvo, Xurxo		xurxo.dopico@udc.es				
	Sevilla Sánchez, Marta		marta.sevilla@udc.es				
Web							
General description	A presente asignatura como compoñente do módulo FUNDAMENTOS DOS DEPORTES ten como obxectivo principal desenvolver no/na estudante as seguintes competencias: - Identificar e comprender os requisitos psico e sociomotores das habilidades de loita - Identificar e comprender os elementos técnico-tácticos que estruturan os deportes de loita - Adquirir unha competencia básica na execución das habilidades de loita - Diseñar, desenvolver e avaliar procesos básicos de ensino-aprendizaxe relativos ás actividades de loita. Atendendo a este plantexamento, os contidos da asignatura abordarán, fundamentalmente, cuestións referidas á utilización das Habilidades de Loita como compoñente procedimental na Educación Física e na iniciación deportiva, así como as peculiaridades didácticas derivadas das mesmas.						

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A4	Cofecer e comprender as bases que aporta a educación física á formación das persoas.
A5	Fomentar a convivencia, estimulando e poñendo en valor a capacidade de constancia, esforzo e disciplina dos participantes nas actividades de educación física e deportiva.
A7	Promover e avaliar a formación de hábitos de actividade física e deporte ao longo do ciclo vital, considerando que a idade, o xénero ou a discapacidade son variables que necesitan da intervención consciente para favorecer a igualdade de oportunidades.
A8	Diseñar, desenvolver, e avaliar os procesos de ensino ? aprendizaxe, relativos á actividade física e o deporte, con atención e tutorización segundo as características individuais e contextuais das persoas (xénero, idade, discapacidade, culturas, etc.).
A9	Elaborar propostas curriculares para as distintas etapas no marco institucional dun centro educativo, desenvolvendo os elementos da programación didáctica da área de E. Física, con arranxo á lexislación vixente e ao proxecto educativo de centro.
A11	Posuír o conxunto de habilidades ou competencias docentes que faciliten o proceso de ensino-aprendizaxe na aula de educación física.
A18	Diseñar e aplicar métodos adecuados para o desenvolvemento e a avaliación técnico-científica das habilidades motrices básicas nas diferentes etapas evolutivas do ser humano, considerando o xénero.
A25	Identificar e comprender os requisitos psicomotores e sociomotores das habilidades deportivas, executando basicamente as habilidades motrices específicas dun conxunto de deportes, considerando as diferenzas por xénero.
A26	Identificar e aplicar as peculiaridades didácticas de cada especialidade deportiva na intención pedagóxica dos diferentes ámbitos de intervención.
A27	Aplicar os principios cinesiolóxicos, fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais nos contextos educativo, recreativo, da actividade física e saúde e do adestramento deportivo, recoñecendo as diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres e a influencia da cultura de xénero nos hábitos de vida dos participantes.



TEMA 13. HABILIDADES QUE PERMITEN O CONTROL SEGMENTARIO.

13.1. Criterios fundamentais de execución.

13.2. Secuenciación práctica.

13.3. Variacións na execución.

BLOQUE TEMÁTICO IV	TEMA 14.-LOITAS CON AGARRE PREDETERMINADO: CANARIA E LEONESA.
APROXIMACIÓN AOS DEPORTES DE LOITA	14.1. Aproximación regulamentaria. 14.2. Fundamentos motores. 14.3. Habilidades características.
	TEMA 15.-LOITAS CON AGARRE LIBRE: JUDO, GRECORROMANA E LIBRE-OLÍMPICA.
	15.1. Aproximación reglamentaria. 15.2. Fundamentos motores. 15.3. Habilidades características.

[illegible]

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Presentación da materia: obxectivos, desenvolvemento dos contidos, das sesións, do sistema e proceso de avaliación, e explicación do traballo do/da estudante.
Mixed objective/subjective test	Exame teórico dos contidos teóricos e prácticos presentados e desenvolvidos nas diferentes metodoloxías empregadas. As Prácticas de Valoración Motriz (PVM), que avalían os contidos presentados, e as competencias adquiridas, nas Prácticas de actividade física, tamén se inclúen dentro deste apartado.
Guest lecture / keynote speech	Presentación dos contidos de xeito expositivo e demostrativo por parte do PDI. Poderá tratarse de contidos exclusivamente teóricos e/ou de execución práctica.
Simulation	Os e as estudantes deberán preparar e expoñer contidos teórico-prácticos da materia, que serán presentados en sesión presencial diante do resto do grupo.



Physical exercise	Desenvolvemento dos contidos teórico-prácticos que incluírán os aspectos relativos aos criterios motrices de execución, á didáctica específica, á adquisición de competencia motriz nas habilidades, e á realización de tarefas para a adquisición das competencias requiridas da materia.
Clinical practice placement	O/a estudante asistirá a sesións de ensino/aprendizaxe/adestramento nas que, mediante planillas de observación deseñadas polo PDI para tal efecto, recollerá información pertinente relativa ao desenvolvemento didáctico e metodolóxico da sesión. A sesión desenvolverase en clubs e/ou escolas onde teña lugar un proceso da natureza anteriormente descrita. O responsable da actividade asinará a Planilla de Observación dando fé da tarefa realizada. Estas prácticas tamén poderán realizarse mediante observación on-line de sesións, con outra estrutura (planilla) deseñada polo PDI a tal efecto.
ICT practicals	Consiste na elaboración e entrega dun traballo en formato video das habilidades de pe e de chan presentadas nos contidos, e executadas polo/a estudante (ou formato alternativo, previa solicitude). A montaxe do video didáctico terá unha duración máxima de 20'.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Introductory activities ICT practicals Mixed objective/subjective test Guest lecture / keynote speech Simulation Physical exercise	Para cada metodoloxía contemplada, o/a estudante poderá acceder á atención personalizada solicitando unha cita previa (on-line ou presencial) a través de mensaxe no TEAMS ao PDI. No caso de estudantes con matrícula parcial, os criterios serán os mesmos que para os/as estudantes con matrícula total ou ordinaria.

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
ICT practicals	A5 A11 A18 A25 A27 A33 A36 B7 B10 B16 C1 C3	O/a estudante entregará na data oficial do exame, da primeira ou segunda oportunidade, o traballo descrito no apartado Metodoloxía. Na súa avaliación terase en conta a calidade dos contidos, a execución (de ser o caso), aspectos formais, e valor didáctico, na edición do video.	10
Mixed objective/subjective test	A4 A8 A9 A11 A18 A25 A26 A27 B2 B16 C1	Exame teórico de pregunta test, curta e/ou a desenvolver, sobre os contidos teórico-prácticos expostos. A puntuación é de 0 a 10, e será preciso obter o 50% para superar a proba. A realización desta proba é obrigatoria. No caso de ter que realizar esta proba de xeito on-line, realizarase a través das plataformas oficiais da UDC.	20
Simulation	A5 A8 A9 A11 A18 A25 A26 A27 A33 B1 B2 B3 B7 B16 C1	Se avaliará o contido da sesión, a metodoloxía didáctica empregada, a calidade na exposición dos contidos e a condución e resolución de cuestións plantexadas polo grupo. A realización é optativa, e a puntuación é de 0 a 10.	15



Physical exercise	A7 A8 A9 A11 A18 A25 A26 A27 A33 B1 B2 B3 B7 C1	Estes contidos serán avaliados mediante 5 Probas de Valoración Motriz (PVM) (realización optativa) en avaliación continua (puntuación de 0 a 10 cada unha das probas). Suporán o 45% do total (necesario superar mínimo 3 delas para poder sumar no cómputo xeral final), e cada proba considerárase superada cando a puntuación sexa igual ou superior a 5 puntos. É necesario un mínimo do 80% de asistencia ás sesións da materia (60% no caso de estudantes a tempo parcial) para poder avaliar esta sección.	45
Clinical practice placement	A7 A8 A11 A18 A25 A26 A33 B1 B2 B3	O/a estudante asistirá a sesións de ensino/aprendizaxe/adestramento nas que, mediante planillas de observación deseñadas polo PDI para tal efecto, recollerá información pertinente relativa ao desenvolvemento didáctico e metodolóxico da sesión. A sesión desenvolverase en clubs e/ou escolas onde teña lugar un proceso da natureza anteriormente descrita. O responsable da actividade asinará a Planilla de Observación dando fé da tarefa realizada. O/a estudante deberá completar polo menos 6 planillas de observación que terán que ser entregadas ao PDI da materia nalgunha das datas oficiais de examen establecidas para a primeira ou segunda oportunidade. Previa solicitude individual ao PDI da asignatura, e en situacións especiais, estas prácticas tamén poderán realizarse mediante observación on-line de sesións, con outra estrutura (planilla) deseñada polo PDI a tal efecto.	10

Assessment comments

CONSIDERACIÓNS RELATIVAS Á PRIMEIRA OPORTUNIDADE PARA ESTUDANTES CON MATRÍCULA TOTAL E PARCIAL

Será de obrigado cumprimento a asistencia con participación a un mínimo do 80% das sesións da asignatura (60% no caso de estudantes con adicación a tempo parcial) para que o apartado de Probas de Valoración Motriz poida ser sumado no cómputo xeral final, é dicir, unha vez que o 80% (ou 60%) da asistencia sexa obtido, poderase sumar a porcentaxe da puntuación obtida nas Probas de Valoración Motriz (Prácticas de actividade física), toda vez que 3 probas sexan superadas (5 puntos), aínda que a media final de todas as probas sexa menor de 5.

A única parte da avaliación que é obrigatoria realizar (e aprobar) para sumar a porcentaxe correspondente, e superar a asignatura, é a Proba Mixta.

O resto pódese obter en función das decisións e organización dos e das estudantes. A cualificación final (entre 0 e 10) virá determinada pola suma dos valores que poidan ser tomados en consideración, e en virtude do anteriormente exposto. A asignatura estará superada ao acadar un mínimo de 5 puntos. Cada unha das partes superadas, incluída a asistencia con participación, será mantida en sucesivas oportunidades, e en sucesivos anos (ata novo aviso ao inicio do curso, ou previo cambio do sistema de avaliación).

Os casos de lesión crónica ou transitoria, así como os relativos a estudantes con algunha discapacidade (e/ou calquera outro caso especial), serán tratados e resolto individualmente polo PDI da asignatura.

En cada oportunidade, o non concorrer á Proba Mixta (salvo que xa fose superada previamente), implicará a cualificación do/da estudante como Non Presentado na oportunidade.

CONSIDERACIÓNS RELATIVAS Á SEGUNDA OPORTUNIDADE PARA ESTUDANTES CON MATRÍCULA TOTAL E PARCIAL

As probas de avaliación serán as mesmas que para a primeira oportunidade. No caso de non ter realizado a proba denominada "Práctica de actividade física" (ou tela suspensa), os/as estudantes poderían, previa solicitude, presentarse a un exame final global desta proba, sendo necesario obter un 5 para superar a mesma. No caso de non dispoñer da porcentaxe de asistencia con participación requirida (80% en matrícula total e 60% en matrícula parcial) os/as estudantes poderían igualmente presentarse, pero sen opción de poder sumar a porcentaxe establecida para esa proba ata obter o mínimo de asistencia con participación requirida na materia (esta situación non impediría a superación da materia, atendendo aos criterios xerais de avaliación).

CONSIDERACIÓNS RELATIVAS Á PRIMEIRA E SEGUNDA OPORTUNIDADE, E ESTUDANTES CON MATRÍCULA TOTAL E PARCIAL

Os exames das diferentes probas estarán en castelán, e se se desexa no outro idioma oficial da UDC, solicitarase unha semana antes das datas de realización.

Todas as probas que precisen para a súa realización dunha plataforma que permita a execución on-line, serán realizadas polas ferramentas oficiais da UDC.

A realización fraudulenta de proba ou actividades de avaliación implicará a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario (Regulamento disciplinar do estudantado da UDC, art. 11, apdo 4 b). Entenderase por fraude académica calquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico (Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria; art. 11, apdo g).

Ademais, segundo a Lei de Convivencia Universitaria (BOE núm. 48, do 25 de febreiro de 2022), a fraude académica, considérase falta moi grave, podendo implicar expulsión de 2 a 3 anos da universidade constando no expediente académico ata o seu total cumprimento, así como a perda de dereitos de matrícula parcial durante un curso ou semestre académico (art. 14).

Sources of information

Complementary	- Kashiwazaki K, Nakanishi H (1995). Atacar en Judo. Guía de combinaciones y contraataques. Barcelona. Paidotribo - Amador F, Dopico X, Iglesias E (2000). Requerimientos Motrices de la Lucha Leonesa. Consideraciones generales sobre el proceso de Enseñanza Aprendizaje. pag 255-294. En López Rodríguez C. El entrenamiento en los deportes de Lucha. León. Federación Territorial de Lucha - Garcia JM, del Valle S, Díaz P, Velázquez R (2006). Judo. Juegos para la mejora del aprendizaje de las técnicas. Barcelona. Paidotribo - Villamón M (director) (1999). Introducción al Judo. Barcelona. Hispano Europea - Carratalá V, Carratalá E (2000). La Actividad Física y Deportiva Extraescolar en los Centros Educativos. Judo. Madrid. Consejo Superior de Deportes - Taira S, Herguedas J, Román FI (1992). Judo (I). Madrid. Comité Olimpico Español - Castarlenas JL, Pere M (coordinadores) (2002). El Judo en la Educación Física Escolar. Barcelona. Hispano Europea ENLACES DE INTERÉS:Reglamentos:Judo: https://www.ijf.org/documents Lucha Olímpica y Greco-romana: http://www.fegaloita.org/reglamento/Lucha Leonesa: http://www.luchaleonesa.es/reglamento.htmlLucha Canaria: http://www.federaciondeluchacanaria.com/index.php?option=com_content&view=frontpage&Itemid=1Habilidades de judo (vídeos, gif):http://www.judovision.orghttps://www.judoenlignes.comhttps://www.judo-ch.jp/english/dictionary/technique/Noticias y Seguimiento de Competiciones de Judo (acceso a eliminatorias, estadísticas, combates):http://www.ippon.orghttps://www.judodata.comhttps://judoinside.comhttps://judotraining.infoFederaciones autonómicas, nacional e internacionales:https://www.fgjudo.comhttp://www.rfejudo.comhttps://www.eju.nethttps://www.ijf.org
-----------------------------	--

[illegible]

(*The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.